



Colexio Oficial de Biólogos de Galicia

Especialidade de Xenética Humana

➔ O Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad elaborou recentemente un **Proxecto de Real Decreto** polo que se crean novos títulos de especialista e se actualiza o sistema formativo de determinadas especialidades en ciencias da saúde. Foille remitido ao Consejo General de COBs para que os colexios que o integramos formulemos as alegacións pertinentes. Entre eses títulos de especialista de nova creación atópase (por fin!) o de **Xenética Humana**, que era xa unha moi vella reivindicación dos colexios de biólogos e que se engade aos cinco xa recoñecidos no Real Decreto 1.163/2002: Análises Clínicas, Bioquímica Clínica, Inmunoloxía, Microbioloxía e Parasitoloxía, Radiofarmacia.

É importante salientar o que indica a **Disposición Transitoria Segunda** do proxecto, sobre unha vía transitoria de acceso ao dito título para os graduados/licenciados "que acrediten desempeñar actividades profesionais de carácter sanitario vinculadas al ámbito de dicha especialidad" polo procedemento que se determine no seu momento. Presumiblemente dito procedemento e condicións serán análogas ás establecidas na Orden PRE/274/2004, de 5 de febreiro, por la que se regulan las vías transitorias de acceso a los títulos de Químico, Biólogo y Bioquímico especialista (BOE de 13/II/04; <http://www.boe.es/boe/dias/2004/02/13/pdfs/A06665-06670.pdf>). En consecuencia, a colexiación será un factor esencial para a acreditación que se esixirá desa actividade profesional.

Temos a disposición dos interesados o texto do proxecto, previa solicitude. Poderemos resolver as dúbidas que teñades sobre esa disposición transitoria.

Tamén en relación con este asunto, o pasado día 16 de setembro publicouse no BOE unha convocatoria de probas teórico-prácticas para aqueles aos que a Comisión estimou, á vista do seu historial profesional, que a súa formación non se adecuaba satisfactoriamente á esixida polo programa da especialidade (<http://www.boe.es/boe/dias/2011/09/16/pdfs/BOE-A-2011-14803.pdf>).

Os colexios de biólogos continuamos traballando para que este éxito se vexa completado coa creación de outras especialidades como a de Reprodución Humana Asistida, que recoñeza *de iure* a actividade que levan realizando *de facto* desde fai moito tempo e con todo rigor un amplo número de compañeiras/os. De feito, hai un recurso no Tribunal Supremo interposto polo Consejo General de COBs contra o Real Decreto 183/2008 de especialidades sanitarias no que se solicita a creación de 6 especialidades sanitarias novas (incluída a de Xenética Humana).